

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021469	CIFP Leixa	Ferrol	2025/2026

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0214	Apoio á comunicación	2025/2026	0	87	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ALBA DURO TOJO, MARÍA TERESA MARTÍN GARCÍA
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.
RA2 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda.
RA3 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación sen axuda.
RA4 - Realiza o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Argumentouse a influencia da comunicación no desenvolvemento diario das persoas.
CA1.2 Definíronse os conceptos de comunicación alternativa e aumentativa.
CA1.3 Descríronse as características dos principais sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.
CA1.4 Identificáronse os principais factores que dificultan ou favorecen a comunicación coa persoa en situación de dependencia.
CA1.7 Xustificouse a necesidade de adoptar medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.
CA2.1 Descríronse as características e os usos básicos dos principais sistemas alternativos de comunicación con axuda.
CA2.3 Descríronse outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación con axuda.
CA2.7 Xustificouse a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas actividades de apoio á comunicación.

Crterios de avaliación do currículo

CA3.1 Descríbóronse estruturas básicas dos sistemas alternativos sen axuda.

CA3.5 Descríbóronse outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación sen axuda.

CA4.2 Argumentouse a importancia de lle transmitir ao equipo interdisciplinar a información rexistrada.

CA4.5 Identificáronse protocolos de transmisión ao equipo sobre a adecuación do sistema de comunicación elixido.

CA4.6 Identificáronse criterios e indicadores para detectar cambios nas necesidades de comunicación.

CA4.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

2.2. Segunda parte da proba**2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan****Resultados de aprendizaxe do currículo**

RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.

RA2 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda.

RA3 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación sen axuda.

RA4 - Realiza o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.

2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado**Crterios de avaliación do currículo**

CA1.5 Interpretáronse as informacións sobre o apoio á comunicación recibidas no plan ou no proxecto de atención individualizado.

CA1.6 Seleccionáronse técnicas para favorecer a implicación familiar e do ámbito social na comunicación coa persoa usuaria.

Crterios de avaliación do currículo

CA2.2 Créanse mensaxes sinxelas cos diferentes sistemas de comunicación con axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa usuaria.

CA2.4 Comprenderonse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación con axuda.

CA2.5 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias.

CA2.6 Utilizáronse as axudas técnicas necesarias para o apoio á comunicación.

CA3.2 Descríronse os principais signos utilizados en situacións habituais de atención a persoas en situación de dependencia.

CA3.3 Créanse mensaxes sinxelas cos diversos sistemas de comunicación sen axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa en situación de dependencia.

CA3.4 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas en situación de dependencia.

CA3.6 Comprenderonse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación sen axuda.

CA4.1 Formalizáronse protocolos de rexistro como medio de avaliación da competencia comunicativa da persoa usuaria.

CA4.3 Establecéronse criterios para verificar o grao de cumprimento das instrucións de apoio á comunicación no ámbito familiar.

CA4.4 Comprobase o uso correcto dos elementos que compoñen o sistema de comunicación elixido.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A presente programación foi realizada atendendo ao Decreto 226/2012, do 18 de outubro, polo que se establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Atención a Persoas en Situación de Dependencia.

MÍNIMOS ESIXIBLES:

Para superar o módulo de Apoio á comunicación a persoa aspirante deberá ter un coñecemento teórico-práctico suficiente en relación ás seguintes cuestións:

- O alumnado terá competencia na realización de actividades de apoio á comunicación, describindo sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda e sen axuda.
- O alumnado terá competencia para desenvolver o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.
- O alumnado terá competencia para a comprensión e expresión de mensaxes sinxelas en diferentes sistemas de comunicación alternativa e aumentativa.

- O alumnado terá competencia para aplicar tecnoloxías da información e da comunicación

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Os criterios de cualificación serán os seguintes:

- 1ª Parte da Proba:

Segundo o artigo 13.3 a) da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a primeira parte da proba terá carácter eliminatorio, polo que será imprescindible ter unha puntuación de mínima de 5 puntos para acceder á 2ª parte da proba.

A 1ª parte estará constituída por preguntas tipo test e/ou de desenvolver sobre os contidos relacionados cos criterios de avaliación que se relacionan nesta programación. Para a primeira parte da proba o criterio de valoración será o seguinte: cada dous erros resta un acerto. Esta primeira parte da proba cualifícase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación deberase obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos (2 horas) para responder a todas as preguntas.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearase á alza aquelas notas que acaden a centésima "0,75" ou máis.

As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun 0 na segunda parte da proba a efectos de calcular a cualificación final da proba libre.

- 2ª Parte da Proba:

A segunda parte da proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica que se poderán gravar en vídeo coa fin de amosar un dominio adecuado dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

Disporase dun tempo máximo de 120 minutos (2 horas) para dar resposta a todas as cuestións.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, cada unha destas probas prácticas ou supostos terán a súa valoración indicada no exame. Esta segunda parte da proba se cualificará de 0 a 10 puntos. Para a súa superación se deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos

Terase en conta o uso e dominio do vocabulario específico do módulo.

Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearase á alza aquelas notas que acaden a centésima "0,75" ou máis.

CALCULO DA NOTA FINAL DO MÓDULO

Superarase esta proba libre do módulo profesional de Apoio á comunicación cun mínimo de puntuación de 5 sobre 10. A nota final será o resultado da media aritmética de ambas probas expresada con números naturais enteiros, entre 1 e 10, só se fará media de cualificacións nas diferentes partes obtendo unha cualificación de 5 ou máis en cada parte. Non se redondearán notas por debaixo de 5. En caso de superar o 5 redondearase á alza aquelas notas que acaden a centésima "0,75" ou máis.

Segundo o artigo 14.2 da Orde do 5 de abril de 2013 pola que se regulan as probas para a obtención dos títulos de técnico e de técnico superior de ciclos formativos de Formación Profesional dos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no caso das persoas aspirantes que non superen a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de 4 puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

O desenvolvemento da 1ª parte da proba consistirá nunha batería de preguntas tipo test e/ou de desenvolver, sobre os contidos aos que fan referencia os criterios de avaliación relacionados en esta parte da proba. Terase en conta unha maioría dos criterios que aparecen nesta programación. Para a corrección da proba aplicarase o seguinte criterio: cada dous erros resta un acerto. Debera obter una nota de 5 para superar esta parte da proba, sendo 10 o cómputo total da proba. Non se redondearán notas por debaixo de 5. No caso de superar o 5 redondearanse á alza aquelas notas que acaden a centésima "0,75" ou máis.

Disporase de 2 horas para contestar a todas as preguntas.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial tras dous chamamentos.

As persoas aspirantes que asistan despois dos chamamentos, sempre que non transcorresen 15 minutos e non abandonase a aula ningunha persoa participante, poderán realizar a proba, sempre que xustifiquen o seu retraso e previa consulta á Comisión de Avaliación.

Na aula onde se realiza a proba se asignará un espazo para que as persoas candidatas poidan deixar os seus obxectos persoais incluíndo os dispositivos electrónicos de uso cotiá que deberán estar apagados durante todo o proceso.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ate o remate das mesmas. Isto inclúe: reloxo intelixente, lentes con cámara intelixente, teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo que de acceso a conexión externa e ou internet.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas aspirantes agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar a proba, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

4.b) Segunda parte da proba

O desenvolvemento da 2ª parte da proba consistirá na resolución por parte da persoa aspirante de varios supostos prácticos de carácter escrito e/ou probas de execución práctica que se poderán gravar en vídeo coa fin de amosar un dominio adecuado dos criterios de avaliación relacionados coa parte práctica do módulo, e que versarán sobre unha mostra suficientemente significativa dos criterios de avaliación establecidos na programación para esta segunda parte.

A persoa aspirante deberá realizar con suficiente corrección cada un dos supostos prácticos ou probas de execución práctica vinculadas aos criterios de avaliación para superar esta parte da proba, cada unha destas probas prácticas ou supostos terán a súa valoración indicada no exame. Esta segunda parte da proba se cualificará de 0 a 10 puntos. Para a súa superación se deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

Disporase de 2 horas para contestar a todas as preguntas.

Para a realización da proba só será necesario un bolígrafo de cor azul ou negro.

A persoa candidata acreditará a súa identidade con documento oficial tras dous chamamentos.

As persoas aspirantes que asistan despois dos chamamentos, sempre que non transcorresen 15 minutos e non abandonase a aula ningunha persoa participante, poderán realizar a proba, sempre que xustifiquen o seu retraso e previa consulta á Comisión de Avaliación.

Na aula onde se realiza a proba se asignará un espazo para que as persoas candidatas poidan deixar os seus obxectos persoais incluíndo os dispositivos electrónicos de uso cotiá que deberán estar apagados durante todo o proceso.

Non se admitirá o uso de ningún aparato electrónico ou de comunicación co exterior desde o inicio de cada unha das probas, incluído o chamamento, e ate o remate das mesmas. Isto inclúe: reloxo intelixente, lentes con cámara intelixente, teléfonos móbiles (que non poderán ser empregados como reloxo), tabletas dixitais, ou calquera outro dispositivo que de acceso a conexión externa e ou internet.

Unha vez iniciadas as probas escritas as persoas aspirantes agardarán un mínimo de 15 minutos antes de poder abandonar a aula na que se estea a realizar a proba, e entregarán a proba asinada ao profesorado responsable. Non se poderá retirar da aula ningunha copia do exame nin ningún elemento auxiliar empregado durante a realización do mesmo.

Será excluída calquera persoa aspirante que leve a cabo acción de tipo fraudulento ou incumpra as normas de prevención, protección e seguridade durante a realización das probas. Neste caso a cualificación será dun 0.